



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE CONTABILIDADE

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PROCEDEMENTO
TRANSITORIO A LEVAR A CABO POLAS PERSOAS XURÍDICAS SOBRE
DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA PARA PAGOS QUE HA REALIZAR
A DEPUTACIÓN AO SEU FAVOR.**

Don **VALENTIN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES:

Na Resolución da presidencia número 48223 de data 14/12/2021 aprobouse o procedemento de designación de conta bancaria para os pagos que realice a Deputación tanto ás persoas físicas como ás xurídicas, así como os correspondentes modelos e normas asociadas.

Dita norma entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2022.

Transcorrido un mes desde a súa posta en marcha, detéctanse problemas operativos de determinadas entidades bancarias, que impiden que poidan asinar dixitalmente o certificado acreditativo da titularidade da conta en cumprimento do disposto no punto 5 do Anexo III da resolución.

Esta situación está a ocasionar un atraso nos pagos derivados de todo tipo de expedientes tramitados na Deputación a favor de determinadas persoas xurídicas, sen que estas sexan as responsables do incumprimento da norma establecida para o efecto.

Por tal motivo,

RESOLVO:

Que con carácter transitorio, ata o 30 de xuño de 2022, o documento emitido polas entidades bancarias acreditativo da titularidade da conta das persoas xurídicas de conformidade co modelo en vigor, poderá ser asinado dixitalmente polo representante da persoa xurídica titular da conta, e deberá conter, necesariamente, a seguinte información:

- A identificación da entidade bancaria
- O código IBAN da conta bancaria
- O código Swift ou BIC cando sexa necesario
- Os datos identificadores do titular da conta: NIF e nome/denominación social